


29 OUTUBRO DO 2009 - NÚMERO 793

r d l

REVISTA
DAS
LETRAS





Es- quia- gra- fías

Dores Tembrás

Henry Talbot, un dos pais da fotografía, inspira este traballo de Dores Tembrás que publica Revista das Letras. Textos que reflicten a “fascinación” da autora pola obra de Talbot, pola “beleza e estética dos seus experimentos, calotipos e esquiagrafías” –ilustracións dos obxectos a través das súas sombras–, e propoñen ademais unha reflexión sobre “o papel-sentimento-emoción do creador, a soidade máis íntima nesa éxtase, o momento que non se pode compartir, o individuo máis individuo ca nunca”. Tembrás, (Bergondioño, A Coruña, 1979), filóloga e especialista na obra de Alejandra Pizarnik, cativou a crítica co seu primeiro poemario, *O pouso do fume*, editado por Espiral Maior, un percorrido pola memoria da infancia na aldea, pola “historia do que somos”, a “orixe”, no que a autora condensa as emocións e o recordo dun mundo que se vai en evocadoras imaxes e versos mínimos, dunha sinxeleza fragmentada e capaz de calarnos fondo. *Esquiagrafías* revela esa mesma voz poética. “Levedades do cloruro / a riscarme a pel / e ti / tan exacto / que non albiscas / o desexo / do positivo”.

Benquerido Henry,

*non son Contance. Quero contarche que os teus últimos calotipos me acompañan,
fascinada como estou desta maxia practicada entre catalizadores e cloruro de prata.
Aínda non me explico que Daguerre sexa máis famoso ca ti. Túas as sombras verda-
deiras en papeis lavados con sal. Teus os feitos negativados. As miñas mans, agora
túas.*

inventaches a caixa
funil de sombra
cadaleito de luz

coma co leite callado

para o negativo

tronada
fotoquímica

experimentas
certeza
almidonada de encaixe

mans que arrolaron
fragmento
de perfecta caligrafía
non sospeitas
a Pusher en Nottingham
bordando
sombra de tul
para ti
ou luz estancada

e es
sedimento de cobre
inflorescencia
en caixa metálica
dente de león
ou tirafondo
a oxidar o papel
que treme

non é o regato a extinguirse
en negativo
perspectiva horizontal
buxo seco
ou espiño
en papel salgado


Talbot
osma pola Ofelia
aínda nena
coroa de prímulas
retida
en lente convexa



procurabas para min
cristais pintados
lonxe
efémero
bafo na lente do peito
ou hedra

tarde aquecida
de alento na caluga
amor

levedades de cloruro
a riscarme a pel
e ti
tan exacto
que non albiscas
o desexo
do positivo




non entendes
nestes días
todo me sobra

prenso
ás de insecto
e fágome entomólogo
para capturar o voo
prolongación do ar

avelaíña
ou cabalo do demo

convértome en fósil
sen ti



8 | **r d l**
Galicia Hoxe 29/10/09

na lentura do silencio
pluma
en lente vermella
alfinete
ou película

percutindo
os teus inventos
neste cuarto escuro

así
atrás de ti
expóñome
á luz
trinta segundos

a túa latencia
revelando
mofo no obxectivo

